



Concello de A Mezquita

BANDO **RESTRICIÓN NO CONSUMO DE AUGA POTABLE**

O Concello da Mezquita, quere facer participes a súa cidadanía e a aquelas persoas que nestas datas nos visitan da situación de escaseza de auga nos manantiais e pozos, de onde se abastece en boa medida a auga potable do noso municipio. Esta situación tense acentuado dun xeito alarmante nos últimos días.

Antes de atoparnos nunha situación de emerxencia pola seca, que suporía restricións horarias e doutro tipo no abastecemento de auga, dende o Concello queremos adoptar unha serie de medias de obrigado cumprimento que eviten a toma posterior de medidas de maior calado.

E por iso se ditan as seguintes medidas correctoras:

- Non se poderá facer uso da auga procedente do subministración municipal para:
 - **O rego de hortas**
 - **O enchido de piscinas particulares e/ou elementos similares**
 - **O lavado de vehículos, fachadas e baldeo de patios ou airas.**
- Tomaranse medidas de redución do consumo no rego de xardíns tanto públicos como privados.
- Vixiaranse as perdas na rede e cortaranse os subministración onde existan avarías dentro do espazo privado.
- Queda pois reservado o uso de auga da rede pública para os usos domésticos indispensables.

Estas medidas tómanse en precaución de que a seca permaneza no tempo e para garantir o abastecemento de auga potable para toda a poboación do noso municipio. Recordando tamén ós/as veciños/as dos núcleos que contan con abastecemento propio que a seca afecta por igual a todos os manantiais. Solicitamos pois a máxima colaboración por parte de todos os residentes no Concello da Mezquita e aqueles que nos visitan no verán, é fundamental facer un uso responsable dun ben tan prezado como é a auga.

Por eso queremos agradecerlles de antemán a todos/as a colaboración prestada.

A MEZQUITA, a 15 de Xullo de 2022.

O ALCALDE,
Asdo: Rafael Pérez Vázquez

